

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

8351 *REAL DECRETO 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas. («BOE» 96, do 21-4-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 166/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xaneiro de 2006, relativo ao establecemento dun rexistro europeo de emisións e transferencias de contaminantes e polo que se modifican as directivas 91/689/CEE e 96/61/CE do Consello (en diante Regulamento E-PRTR) adoptouse coa finalidade de aplicar o protocolo da CEPE/ONU sobre rexistros de emisións e transferencias de contaminantes, e cumprir desa forma coas prescricións sobre participación pública establecidas tanto no artigo 5, número 9 do Convenio da CEPE/ONU sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en asuntos ambientais (Convenio de Aarhus), como na Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e que modificou, entre outras, a Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrados da contaminación, co obxecto de garantir os dereitos da participación do público na toma de decisións en asuntos ambientais. Esta Directiva 2003/35/CE xunto coa Directiva 2003/4/CE foron traspostas ao noso ordenamento xurídico mediante a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

A pesar da aplicabilidade directa do Regulamento en todo o territorio da Unión Europea, faise necesario, no caso de España, ditar normas que complementen esa aplicación e que especifiquen os mecanismos de subministración de información das industrias ás administracións públicas, tendo en conta que estas obrigas de información afectan tanto as actividades obxecto da Lei 16/2002, do 1 de xullo, como outras novas actividades industriais, tal como recolle o anexo I. O contido desta información integrarase no Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes PRTR-España de forma que sexa posible cumprir coas obrigas de información contidas no mencionado Regulamento E-PRTR. Así, alén das definicións do regulamento comunitario, que son de directa aplicación, este real decreto establece adicionalmente outras definicións que son igualmente necesarias para o cumprimento das obrigas establecidas.

Ademais destas obrigas contidas no Regulamento E-PRTR, tamén se establecen por medio deste real decreto algunhas obrigas adicionais de información, coa dobre finalidade de outorgar coherencia ao Rexistro PRTR España con respecto a outros inventarios de emisións ao aire, á auga ou residuos, e poder, en consecuencia, facilitar o acceso dos cidadáns a unha información veraz e actual sobre a situación e evolución do ambiente no seu conxunto, ben como fomentar un aumento xeral da consciencia ambiental.

Adicionalmente, especifícase a obriga de enviar á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente a información sobre as autorizacións ambientais integradas que fosen outorga-

das polas autoridades competentes das comunidades autónomas, de forma que se poida cumprir a obriga de remisión de información dos diferentes Estados membros á Unión Europea contida nos cuestionarios sobre a aplicación da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrados da contaminación, contidos en decisións da Comisión e correspondentes a diferentes períodos de aplicación.

Esta norma básica adopta a forma de real decreto na medida en que constitúe, pola natureza da materia regulada, un complemento necesario do Regulamento E-PRTR, pois que aborda cuestións técnicas co carácter de mínimo común denominador normativo.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e despois de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 20 de abril de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as normas adicionais sobre a subministración da información necesaria para cumprir co Rexistro Europeo PRTR regulado no Regulamento CE (n.º) 166/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xaneiro de 2006, relativo ao establecemento dun rexistro europeo de emisións e transferencias de contaminantes e polo que se modifican as directivas 91/689/CEE e 96/61/CE do Consello (en diante Regulamento E-PRTR).

Así mesmo, ten por obxecto determinar a información relativa ás autorizacións ambientais integradas, e as demais informacións adicionais que permitan comprobar a coherencia da información dispoñible no Ministerio de Medio Ambiente.

2. Este real decreto aplícase á información procedente das actividades industriais contidas no anexo I, e deberá ser subministrada a través dos medios e técnicas informáticas ou telemáticas que para o efecto determinen as administracións públicas competentes.

Artigo 2. *Definicións.*

Ademais das definicións contidas no artigo 2 do Regulamento E-PRTR e para efectos do disposto neste real decreto, entenderase por:

a) «Transformación primaria» ou «primeira transformación»: aquela que está producida a partir de materias primas procedentes dos recursos naturais, tendo en conta que a definición se refire a todo o ciclo de produción a partir da materia prima natural, sempre que non se utilicen materias primas secundarias.

b) «Materias primas secundarias»: materiais distintos das materias primas e que proceden dun proceso de transformación primaria ou son o resultado dun proceso de produción, utilización ou consumo, de forma tal que é posible o seu uso directo nun proceso de produción.

c) «Autorizacións sectoriais»: as autorizacións ambientais enumeradas no número 2 da disposición

derrogatoria da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, ben como calquera outra autorización ou licenza de contido ambiental distinto da autorización ambiental integrada, que sexa exigible para o funcionamento da instalación.

d) «Capacidade de produción»: capacidade para a cal a instalación foi deseñada e realizada.

Artigo 3. *Subministración de información das instalacións sobre as súas emisións.*

1. O titular de cada complexo que realice unha ou varias actividades das incluídas no anexo I por cima dos limiares de capacidade recollidos nel comunicará anualmente á autoridade competente as cantidades dos elementos que figuran a seguir, indicando se a información está baseada en medicións, cálculos ou estimacións:

a) Emisións á atmosfera, á auga e ao solo de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II cuxo limiar, igualmente especificado nese anexo, foi superado;

b) Transferencias, fóra do lugar de residuos perigosos en cantidade superior a 2 toneladas anuais ou de residuos non perigosos en cantidade superior a 2.000 toneladas anuais, quer para fins de recuperación quer de eliminación, exceptuando as operacións de eliminación de «tratamento do solo» ou «inxección profunda» contempladas no artigo 6, indicándose coas iniciais «R» ou «D», respectivamente, se os residuos se destinan a recuperación ou eliminación e, no caso dos movementos transfronteirizos de residuos perigosos, o nome, enderezo do responsable da recuperación ou eliminación dos residuos e centro de eliminación ou recuperación en cuestión;

c) Transferencias fóra do lugar de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II en augas residuais destinadas a tratamento cuxo limiar aplicable, especificado na columna 1b do anexo, fose superado.

O titular de cada complexo que realice unha ou varias actividades das incluídas no anexo I por cima dos limiares de capacidade recollidos nel comunicará á autoridade competente a información para a identificación do complexo de conformidade co anexo III, a menos que as autoridades competentes xa dispoñan desta información.

En caso de que se indique que os datos se basean en medicións ou cálculos, deberase precisar o método de análise ou o método de cálculo.

As emisións a que se refire o anexo II notificadas en virtude da alínea a) deste número, incluírán todas as emisións de todas as fontes incluídas no anexo I no lugar de instalación do complexo.

A información a que se refiren os números anteriores incluírá datos das emisións e transferencias derivadas de todas as actividades, en condicións normais ou anormais de funcionamento, tanto se son voluntarias como accidentais, de acordo co establecido no artigo 5.2 do mencionado Regulamento E-PRTR.

2. A autoridade competente poderá requirir ao titular da instalación ou complexo a información complementaria que considere necesaria, como, por exemplo, características da instalación, do proceso, réxime de funcionamento, uso de combustibles, produción, subministracións e consumos, ben como do método

utilizado para determinar as emisións, con obxecto de poder comprobar a calidade dos datos comunicados.

Artigo 4. *Remisión de información á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.*

1. As comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente a información recollida no artigo anterior, de acordo co establecido no artigo 8 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, ben como aquela outra especificada no anexo III, antes do 30 de xuño seguinte ao período anual a que estean referidos os datos.

2. No que se refire á comunicación dos datos referidos a emisións de contaminantes ás augas de bacías hidrográficas xestionadas pola Administración xeral do Estado, unha vez recibidos estes dos titulares das instalacións ou actividades, as comunidades autónomas remitiranas, nun prazo de dez días, ao organismo de bacía correspondente, co obxecto de que se manifeste sobre a súa exactitude.

No caso de que non houbese manifestación expresa no prazo de vinte días, os datos consideraranse válidos.

Artigo 5. *Información sobre as autorizacións ambientais.*

A información relativa ás autorizacións ambientais integradas concedidas polas comunidades autónomas, co contido mínimo establecido no anexo IV, deberase remitir durante os meses de xuño e decembro de cada ano á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, debendo as autoridades competentes incluír no primeiro envío todas aquelas autorizacións ambientais integradas outorgadas até ese momento.

Artigo 6. *Coherencia da información.*

Os datos obtidos de conformidade co establecido neste real decreto deberán ser coherentes cos comunicados, de acordo coa lexislación vixente, a outros inventarios e rexistros que lles sexan de aplicación.

Artigo 7. *Envío de información á Comisión Europea.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente remitirá á Comisión Europea a información requirida no Regulamento E-PRTR referida aos contaminantes de cada instalación respecto dos cales superasen os valores limiares establecidos.

2. O Ministerio deberá remitir á Comisión Europea a información solicitada aos diferentes Estados membros nos cuestionarios sobre a aplicación da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrados da contaminación, contidos en decisións da Comisión Europea e correspondentes a diferentes períodos de aplicación, en particular a relativa ás autorizacións ambientais integradas outorgadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Autorización de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para:

a) Modificar os tipos de industrias e instalacións incluídas en cada unha das categorías do anexo I, para os adaptar ás modificacións que, se é o caso, sexan introducidas na normativa comunitaria ou internacional.

b) Modificar o contido do anexo II, para o adaptar ás modificacións que, se é o caso, sexan introducidas na normativa comunitaria ou internacional.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid, o 20 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

ANEXO I

CAPÍTULO I

Categorías de actividades industriais incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002

Neste anexo descríbense as instalacións ou complexos e actividades industriais que deben cumprir cos requirimentos de información ambiental establecidos neste real decreto.

As instalacións ou complexos entenderanse incluídos no ámbito deste regulamento cando realicen unha ou varias das actividades incluídas neste anexo, sexa ou non esta a súa actividade principal, e sempre que se superen os limiares descritos en cada categoría de actividade. En todo caso, se un mesmo titular realiza diversas actividades da mesma categoría na mesma instalación ou no mesmo lugar, sumaranse as capacidades de tales actividades.

Así mesmo, indícanse os códigos das categorías de actividades industriais especificados na Lei 16/2002, do 1 de xullo, e no Regulamento 166/2006 do Parlamento Europeo e do Consello. Estes códigos deben ser notificados como identificativos da actividade industrial. Nos casos en que unha mesma actividade estea identificada polas dúas codificacións, ambas deberán ser notificadas.

1.-INSTALACIÓNS DE COMBUSTIÓN		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
1.1	1.c)	Instalacións de combustión cunha potencia térmica de combustión superior a 50 MW
1.2	1.a)	Refinarías de petróleo e gas.
1.3	1.d)	Coquerías.
1.4	1.b)	Instalacións de gasificación e licuefacción de carbón.

2.- PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE METAIS		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
2.1	2.a)	Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos incluído o mineral sulfurado.
2.2	2.b)	Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria) incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.
2.3	2.c)	Instalacións para a transformación de metais ferrosos seguindo algúns dos procesos seguintes:
a)	2.c.i)	Laminado en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.
b)	2.c.ii)	Forxado con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.
c)	2.c.iii)	Aplicación de camadas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.
2.4	2.d)	Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.
2.5	2.e)	Instalacións:
a)	2.e.i)	Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.
b)	2.e.ii)	Para a fusión de metais non ferrosos, inclusive a aliaxe, incluídos os produtos de recuperación (refinación, moldeaxe en fundición) cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.
2.6	2.f)	Instalacións para o tratamento de superficie de metais e materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 m ³ .

3.- INDUSTRIAS MINERAIS		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
3.1	3.c)	Instalacións de fabricación de cemento e/ou clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.
	3.c.i)	Fabricación de cemento ou clínker en fornos rotatorios.
	3.c.ii)	Fabricación de cal en fornos rotatorios.
	3.c.iii)	Fabricación de cemento, clínker ou cal en fornos doutro tipo.
3.3	3.e)	Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.
3.4	3.f)	Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.
3.5	3.g)	Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enformamento, en particular tellas, tixolos refractarios, azulexos, ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día e/ou unha capacidade de enformamento de máis de 4 m ³ e de máis de 300 kg/m ³ de densidade de carga por forno.

4.- INDUSTRIA QUÍMICA		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
4.1	4.a)	Instalacións químicas para a fabricación a escala industrial, mediante transformación química, de produtos químicos orgánicos de base, en particular
a)	4.a.i)	Hidrocarburos simples (lineais ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos).
b)	4.a.ii)	Hidrocarburos oxixenados, tales como alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres, acetatos, éteres, peróxidos, resinas epóxicas.
c)	4.a.iii)	Hidrocarburos sulfurados
d)	4.a.iv)	Hidrocarburos nitroxenados, en particular aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.
e)	4.a.v)	Hidrocarburos fosforados.
f)	4.a.vi)	Hidrocarburos haloxenados.
g)	4.a.vii)	Compostos orgánicos metálicos.
h)	4.a.viii)	Materias plásticas de base (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).
i)	4.a.ix)	Cauchos sintéticos.
x)	4.a.x)	Corantes e pigmentos.
k)	4.a.xi)	Tensioactivos e axentes de superficie.
4.2	4.b)	Instalacións químicas para a fabricación, a escala industrial mediante transformación química, de produtos químicos inorgánicos de base como:
a)	4.b.i)	Gases e, en particular, o amoníaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nitróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.
b)	4.b.ii)	Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.
c)	4.b.iii)	Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.
d)	4.b.iv)	Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxéntico.
e)	4.b.v)	Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio.

4.- INDUSTRIA QUÍMICA		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
4.3	4.c)	Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes simples ou compostos, a base de fósforo, nitróxeno ou potasio.
4.4	4.d)	Instalacións químicas para a fabricación de produtos de base fitosanitarios e de biocidas.
4.5	4.e)	Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos de base.
4.6	4.f)	Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

5.- XESTIÓN DE RESIDUOS (excluídas as actividades e instalacións en que, se é o caso, resulte de aplicación o establecido no artigo 14 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos).

Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
5.1	5.a)	Instalacións para a valorización de residuos perigosos, incluída a xestión de aceites usados, ou para a eliminación deses residuos en lugares distintos dos vertedoiros, dunha capacidade de máis de 10 toneladas por día.
5.2	5.b)	Instalacións para a incineración dos residuos municipais, dunha capacidade de máis de 3 toneladas por hora.
5.3	5.c)	Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos, en lugares distintos dos vertedoiros, cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día.
5.4	5.d)	Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.

6.- INDUSTRIA DO PAPEL E CARTÓN		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
6.1		Instalacións industriais destinadas á fabricación de:
a)	6.a)	Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.
b)	6.b)	Papel e cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.
6.2	4.a) viii	Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias

7.- INDUSTRIA TÉXTIL		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
7.1	9.a)	Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueamento, mercerización) ou para o tinxidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.

8.- INDUSTRIA DO COIRO		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
8.1	9.b)	Instalacións para o curtume de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.

9.- INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E GANDEIRA		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
9.1	Instalacións para:	
a)	8.a)	Matadoiros cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas/día.
b)	8.b)	Tratamento e transformación destinados á fabricación de produtos alimenticios a partir de:
b.1)-	8.b.i)	Materia prima animal (que non sexa o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día
b.2)-	8.b.ii)	Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas/día (valor medio trimestral)
c)	8.c)	Tratamento e transformación do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).
9.2	5.e)	Instalacións para a eliminación ou o aproveitamento de canais ou refugallos de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.
9.3	7.a)	Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de
a)	7.a.i)	40000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente para outras orientacións produtivas de aves.
b)	7.a.ii)	- 2000 prazas para porcos de ceba de máis de 30 kg. - 2500 prazas para porcos de ceba de máis de 20 kg.
c)	7.a.iii)	-750 prazas para reprodutoras-530 porcas reprodutoras -530 prazas para porcas en ciclo fechado -530 porcas en ciclo fechado equivalen ás 750 reprodutoras.
d)	7.a.ii) ou 7.a.iii)	No caso de explotacións mixtas en que coexistan animais das alíneas b) e c) desta categoría 9.3, o número de animais para determinar a inclusión da instalación neste anexo determinarase de acordo coas equivalencias en unidade gandeira maior (UGM) dos distintos tipos de gando porcino, recollidas no anexo I do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

10.- CONSUMO DE DISOLVENTES ORGÁNICOS		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
10.1	9.c)	Instalacións para tratamento de superficie de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, colalos, lacialos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de máis de 150 kg de disolvente por hora ou máis de 200 toneladas/ano.

11.- INDUSTRIA DO CARBONO		
Categoría Lei 16/2002	Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
11.1	9.d)	Instalacións para fabricación de carbono sinterizado ou electrografito por combustión ou grafitación.

CAPÍTULO II

Categorías de actividades industriais non sometidas ao réxime administrativo da Lei 16/2002

Descríbense neste capítulo II as actividades industriais que, non sendo actividades descritas no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e por tanto non suxeitas a autorización ambiental integrada, si deben cumprir os requisitos de información deste real decreto.

Neste caso, para a identificación das actividades industriais só se debe ter en conta a codificación dada polo Regulamento E-PRTR.

SECTOR ENERXÍA		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
1 e)	Laminadores de carbón.	Cunha capacidade de 1 tonelada por hora
1.f)	Instalacións de fabricación de produtos do carbón e combustibles sólidos non fumíxenos	*

INDUSTRIA MINERAL		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
3 a)	Explotacións mineiras subterráneas e operacións conexas.	*
3 b)	Explotacións a ceo aberto e canteiras.	Cando a superficie da zona en que efectivamente se practiquen operacións extractivas equivalla a 25 hectáreas

INDUSTRIA QUÍMICA		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
4 f)	Instalacións para a fabricación de produtos pirotécnicos.	*

XESTIÓN DE RESIDUOS		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
5 f)	Instalacións de tratamento de augas residuais urbanas	Cunha capacidade de 100 000 equivalentes-habitante.
5 g)	Instalacións industriais independentes de tratamento de augas residuais derivadas dunha ou varias actividades do presente anexo.	Cunha capacidade de 10 000 m ³ por día.

FABRICACIÓN E TRANSFORMACIÓN DE MADEIRA		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
6 b)	Instalacións industriais para a fabricación doutros produtos básicos da madeira (como madeira aglomerada, cartón comprimido e madeira contrachapada).	Cunha capacidade de produción de 20 toneladas por día.
6 c)	Instalacións industriais para a conservación de madeira e produtos derivados con substancias químicas	Cunha capacidade de produción de 50 m ³ por día.

GANDARÍA E ACUICULTURA INTENSIVA.		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
7 b)	Acuicultura intensiva	Cunha capacidade de produción de 1 000 toneladas de peixes e crustáceos por ano

OUTRAS ACTIVIDADES		
Categoría Regulamento 166/2006 E-PRTR	DESCRICIÓN ACTIVIDADES	LIMIARES (1)
9 e)	Instalacións destinadas á construción, pintura ou decapaxe de buques.	Cunha capacidade para buques de 100 m de eslora.

(1).- Un asterisco (*) indica que non se aplica ningún limiar de capacidade (todos os complexos que realicen algunhas destas actividades industriais están suxeitos a cumprir os requisitos de información, independentemente da súa capacidade de produción ou tamaño)

ANEXO II

Lista de substancias

